

I. A Economía Galega. O seu contorno

Contexto internacional

A pesar da forte subida dos prezos das materias primas -sobre todo das enerxéticas-, a economía mundial rexistrou unha etapa claramente expansiva no primeiro semestre de 2006. Deste xeito, o FMI revisou á alza a previsión de crecemento do PIB mundial realizada en abril (4,9%) situándoa na actualidade nun 5,1%, atendendo a unha serie de feitos entre os que cómpre destacar dous (cadro 1): a) O mantemento dos intensos ritmos de crecemento das economías emerxentes -sobre todo de China e India-, o que ademais permitiu contrarrestar a inflexión á baixa da actividade en USA durante o segundo trimestre; b) A consolidación da recuperación na Unión Europea e en Xapón, o que contribuíu positivamente a ese repuntamento expansivo global.

Entre os riscos previsibles para 2007 destacan tres: a) A volatilidade dos mercados enerxéticos xera importantes doses de incerteza respecto á súa evolución e, polo tanto, respecto ao seu impacto inflacionista; b) Atopámonos nun escenario con tipos de xuro crecentes o que, en maior ou menor medida, implicará a xeración de presións contractivas sobre a actividade económica; c) A evolución do mercado inmobiliario en USA proxecta densas sombras sobre a dinámica que poida seguir a principal economía do mundo a medio prazo.

**CADRO 1. -
PREVISIÓN MACROECONÓMICAS (SETEMBRO 2006). TAV (%).**

	2005	2006	2007
PIB mundial	4,9	5,1	4,9
Unión Europea	1,8	2,8	2,4
Area euro	1,3	2,4	2,0
Francia	1,2	2,4	2,3
Alemania	0,9	2,0	1,3
Italia	-	1,5	1,3
Portugal	0,4	1,2	1,5
España	3,4	3,4	3,0
Reino Unido	1,9	2,7	2,7
Estados Unidos	3,2	3,4	2,9
Xapón	2,6	2,7	2,1
Canada	2,9	3,1	3,0
China	10,2	10,0	10,0
India	8,5	8,3	7,3
Comercio mundial de bens e servizos	7,4	8,9	7,6

FONTE: Fondo Monetario Internacional

Non obstante, as previsións do FMI para 2007 confirman o mantemento do carácter expansivo da actual etapa cunha progresión do PIB mundial que se eleva ata o 4,9%, que é practicamente idéntica ás taxas de crecemento de 2005 e 2006. O mesmo pode dicirse para o comercio mundial de bens e servizos, para o que a citada institución estima un incremento do 7,6% que, se ben se sitúa a 1,3 puntos por debaixo do esperado para 2006 (cadro 1), implica un forte ritmo de aumento dos fluxos comerciais a escala planetaria, o que supón crecentes oportunidades de negocio que as empresas deberían

aproveitar para incrementar significativamente as súas vendas exteriores.

O afianzamento da recuperación na UE -que se configura como o marco de referencia básico da economía galega- é un elemento moi positivo xa que, entre outros factores, constitúe -con diferenza- o principal destino das nosas exportacións. Na Eurozona, a taxa prevista polo FMI para 2006 non deixa de ser modesta (2,4%) se non fose porque supón un incremento dun punto porcentual respecto a 2005 (cadro 1), o que se debe sobre todo a que as súas dúas principais economías (Alemaña e Francia) están a dar síntomas de superar o estancamento sufrido nos últimos anos. Desde unha perspectiva galega, é destacable que eses mesmos signos de recuperación son os que, na actualidade, presenta a economía portuguesa, posto que se ben é certo que as taxas de crecemento previstas son aínda moi contidas, non o é menos que superan con moito ás rexistradas nos últimos anos.

En canto ás previsións no que concirne a dous piares decisivos do escenario macroeconómico para 2007 que, por outra banda, interveñen como elementos esóxenos da política económica seguida polas autoridades nacionais, cómpre mencionar o seguinte:

- Por unha banda, o tipo de referencia do BCE que, pese ás alzas experimentadas desde finais de 2005, sitúase actualmente por debaixo do tipo da Reserva Federal e que, sen dúbida, seguirá evolucionando moderadamente á alza, introducindo un freo á expansión da demanda agregada nas economías da UEM.
- O tipo de cambio efectivo nominal do euro fronte aos países desenvolvidos experimentará unha lixeira apreciación -que a Comisión Europea cifra nun 1,0%-, razón pola que a competitividade en prezos dependerá basicamente dos diferenciais de inflación existentes entre as economías integradas na Zona Euro e entre estas e os seus principais competidores no mercado mundial.

A economía española

Pese á súa elevada dependencia enerxética, o que a fai máis vulnerable ante a alza dos prezos do cru, a economía española mantén un excelente pulso. En efecto, a persistencia de condicións monetarias que, en atención á fase cíclica pola que atravesamos, cómpre cualificar -polo momento- como sobradas, favoreceron o avance da demanda agregada. Deste xeito, a taxa interanual de crecemento do PIB español do 2º trimestre elevouse ata un 3,7%, claramente por riba dos rexistros dos principais países da Eurozona.

Por outra banda, o alto ritmo de crecemento permitiu absorber desafogadamente a expansión demográfica que, como consecuencia da inmigración, se produciu en España, de tal xeito que se orixinou unha converxencia en renda por habitante tanto co conxunto de UE como coa Zona Euro. En efecto, no ano 2005, o PIB per cápita en termos de paridade de poder de compra equivaleu, respectivamente, ao 98,6% e ao 92,8% de ambas as dúas áreas.

Ademais, o PIB está a experimentar unha certa recomposición, posto que se produciu unha positiva desaceleración da demanda nacional o que permitiu reducir sensiblemente a contribución negativa do sector exterior ao crecemento, que quedou reducida practicamente á metade: 1,1 puntos porcentuais no 2º trimestre de 2006 fronte aos 2,0 puntos do primeiro trimestre de 2005. Positivo descenso que, basicamente, se debe ás exportacións de bens que, no primeiro semestre de 2006 incrementáronse nun 8,7% respecto ao mesmo período de 2005, froito da recuperación económica dos principais

países da UEM e o bo comportamento das vendas en certos mercados extra-UE: USA, Rusia e Latinoamérica.

Polo que concirne á composición da demanda nacional, os feitos máis significativos son os seguintes:

O gasto en consumo final dos fogares minorou o seu avance, por efecto do importante ascenso dos prezos enerxéticos e da gradual suba dos tipos de xuro que, pese ao seu carácter moderado, tivo un notable impacto por efecto do elevado grao de endebedamento das familias.

A formación bruta de capital fixo pasa a ser o compoñente máis dinámico do PIB pola parte da demanda, sobre todo o investimento en bens de equipo, que creceu un 8,9% entre os dous primeiros semestres de 2005 e 2006, claramente por riba do investimento en construción (5,7%). Ese crecente esforzo investidor é o resultado conxunto das altas taxas de rendibilidade empresarial e duns tipos de xuro que, pese á súa gradual subida, inda sitúanse en niveis reducidos, o que se traduce en baixos custos de uso do capital.

En resumo, o anterior implica un crecemento económico máis equilibrado, cun gasto en consumo final nacional que crece a un ritmo inferior ao PIB e, polo tanto, no que, dentro da formación bruta de capital, a rúbrica de bens de equipo pasa a ser a que ten unha maior capacidade de tracción, ao mesmo tempo que se rebaixa sensiblemente a contribución negativa do sector exterior.

Reequilibrio que tamén operou pola banda da oferta, xa que asistimos a unha progresión máis contida da construción e, pola contra, a un renovado dinamismo da industria, alentada por unha serie de factores, entre os que cómpre mencionar o acentuado progreso polas exportacións de bens de equipo. O sector con maior peso, servizos de mercado, minorou así mesmo o seu crecemento, de tal xeito que no 2º trimestre de 2006 resultou ser inferior á do PIB cando, normalmente, ocorría o contrario. Por conseguinte, o grao de dispersión das taxas de crecemento dos grandes sectores de actividade respecto á rexistrada polo conxunto da economía estreitouse considerablemente.

A expansión económica complementouse cunha sólida xeración de emprego, co que no 2º semestre de 2006 a cifra de poboación ocupada elevouse a 19,7 millóns de persoas. A pesar dun substancial incremento da poboación activa -favorecida pola boa marcha da economía- a ocupación fíxoo a un ritmo superior, razón pola cal a taxa de desemprego caeu por debaixo do 10%, o que non ocorría desde finais da década dos 70: 8,5% no segundo semestre de 2006.

Estamos, pois, en presenza dun crecemento moi intensivo en man de obra, o que ten como obvia contrapartida que as ganancias de produtividade son limitadas. Afortunadamente, seguiu a imperar un

clima de moderación salarial, de tal xeito que os custos laborais por unidade de produto -que poñen en relación a remuneración por asalariado coa produtividade de traballo- continúan a crecer por debaixo do deflactor do PIB, o que incidiu favorablemente na mellora do excedente de explotación das empresas; factor esencial para explicar tanto o impulso cobrado polo investimento como o carácter expansivo da demanda no mercado laboral.

Tanto a fortaleza da demanda nacional, como a evolución dos prezos das materias primas enerxéticas, dan lugar a un aumento das tensións inflacionistas, elevando as taxas de crecemento do IPC ata niveis mensuais que se achegaron ao 4% interanual durante o primeiro semestre de 2006, ampliándose de xeito preocupante o diferencial respecto á UEM, aínda que nos últimos meses se reduciuse ata se estabilizar en 1,5 puntos porcentuais.

O carácter transitorio dese maior incremento do IPC resulta evidente se se considera que a inflación subxacente -que elimina os produtos enerxéticos e os alimentos sen elaborar da cesta do consumo- permaneceu sempre por debaixo do índice xeral, en torno ao 3%, o que é sinal de que os efectos de segunda volta non foron significativos e que lonxe de alimentar, polo tanto, a espiral inflacionista, se tratou dun feito conxuntural, ao que coadxuvou a moderación salarial comentada anteriormente. O IPC de setembro, que reflicte unha caída do aumento interanual ata o 2,9%, é unha boa proba do postulado anterior, o que non significa en absoluto que non se deba estar vixilante respecto á evolución dos prezos, se se considera, ademais, a marcada inestabilidade dos mercados mundiais de materias primas enerxéticas.

Por último, cómpre sinalar que o crecemento económico propiciou un importante avance da recadación tributaria, tanto da imposición directa (IRPF e Imposto sobre sociedades) coma da indirecta (IVE), de modo que os ingresos totais do Estado acrecentáronse por riba do gasto. Deste xeito, en termos de Contabilidade Nacional, entre xaneiro e agosto de 2006, os recursos non financeiros do Estado ascenderon a un 11,0%, mentres que os empregos non financeiros fixérono un 8,2%, producíndose un superávit equivalente ao 1,1% do PIB, fronte ao 0,8% correspondente a igual tramo temporal de 2005.

O rigor da política fiscal -consecuencia da Actualización do Programa de Estabilidade de decembro de 2005- contribuirá a que non se rexistre un maior desbordamento da demanda nacional, é dicir, a un mellor compasamento entre a súa dinámica e a seguida polo PIB, reducindo tanto as presións inflacionistas como as necesidades de financiamento exterior da economía española.


A economía galega

Dentro do contexto anterior, a economía galega presenta pautas que só cabe cualificar como positivas. En efecto, durante o 1º semestre de 2006, as dúas taxas interanuais de crecemento do PIB superaron lixeiramente as españolas, feito nada frecuente nos últimos anos, caracterizados por unha gradual perda do peso produtivo de Galicia no conxunto do Estado. Tal como queda reflectido no gráfico 1, a produción interior coñeceu unha vigorosa aceleración, reducindo nunha primeira fase o diferencial desfavorable respecto ao PIB español e, a partir do 1º trimestre de 2006, superando o seu ritmo de crecemento que, como tivemos ocasión de mostrar, é sensiblemente superior ao rexistrado polo conxunto da UEM. Trátase, pois, dun rexistro -sobre todo o 3,9% do 2º trimestre- que, evitando todo van triunfalismo, debe ser subliñado convenientemente.

Pola banda da demanda, o máis destacable é a fortaleza das exportacións de bens e servizos, cuxo crecemento interanual sitúase nun 9,2% no 1º semestre de 2006, o que supera ao experimentado polas importacións, promovendo que o sector exterior contribuíse positivamente ao crecemento do PIB galego no 2º trimestre de 2006. Pulo que permitiu aumentar significativamente a nosa cota nas exportacións españolas de bens, situándoa nun 8,2% no 1º semestre de 2006, tres puntos porcentuais por riba do peso galego no PIB do conxunto do Estado nese mesmo período (5,3%).

No 1º semestre de 2006, a demanda nacional da economía galega rexistrou unha progresión máis contida cá do PIB, o que pode estenderse a todos e cada un dos seus compoñentes, aínda que caiba mencionar o feito de que, no caso da formación bruta de capital, asistimos a un ritmo de crecemento moi similar.

**Gráfico 1. -
Taxas interanuais (%) de crecemento do PIB. Galicia e España.**



Dende a perspectiva da oferta, obtén un gran protagonismo a industria, non só por ser o sector con maior dinamismo da economía galega, senón tamén polo feito de que, segundo o Índice de produción industrial, Galicia é a comunidade que lidera o crecemento entre xaneiro e agosto do presente exercicio, cun 8,2% de aumento interanual, o que máis que duplica a cifra relativa ao sector español (3,9%).


Ao igual que no conxunto da economía española, o signo decididamente alcista da conxuntura que atravesou Galicia no 1º semestre de 2006 concretouse nun importante saneamento do noso mercado de traballo. Todos os indicadores dispoñibles dan conta desa importante mellora:

En primeiro lugar, o rexistro de afiliados á Seguridade Social proporciona un incremento interanual do 3,4% para os nove meses que se estenden desde xaneiro a setembro de 2006, case un punto porcentual por riba do que aconteceu en idéntica fase temporal de 2005. É máis, culminado o proceso de regularización de inmigrantes, que incidiu sensiblemente menos en Galicia ca no conxunto español, en setembro de 2006 a taxa interanual de aumento das afiliacións é superior á media estatal, o que non sucedía desde xaneiro de 1996, única excepción a do mes de xuño do Xacobeo 04.

En segundo termo, o paro rexistrado presenta un forte descenso que, en Galicia, se situou en taxas interanuais superiores ao 5% desde marzo do presente ano, o que supón un ritmo de redución moi superior ao que está a experimentar España. Iso provocou que, entre os meses de xaneiro e setembro de 2006, o paro rexistrado

descenderá en 34.600 persoas, o que supón a sexta parte da diminución rexistrada a escala estatal.

**Gráfico 2. -
Taxa de paro (%) estimada pola EPA. Galicia e España. 1982-2006.**




En terceiro lugar, os datos estimados pola EPA confirman a boa marcha seguida polo mercado de traballo en Galicia, de tal xeito que entre os segundos trimestres de 2005 e 2006: a) O emprego agregado creceu un 3,5%, elevándose a un 6,2% no caso da ocupación feminina; b) A poboación en paro diminuíu un 22,1%; c) A taxa de desemprego reduciuse en dous puntos porcentuais, situándose nun 8,6%, un nivel practicamente idéntico ao do conxunto da economía española, que é o máis baixo desde o 3º trimestre de 1982 (gráfico 2).


Como non podía ser doutro xeito, o perfil temporal do IPC galego é moi similar ao español; feito que queda convenientemente reflectido polo gráfico 3, tanto para o índice xeral coma para a inflación subxacente. Con anterioridade, xa foi comentado que as presións inflacionistas derivadas da alza dos prezos enerxéticos, provocaron que durante a primeira metade de 2006, os incrementos mensuais interanuais do índice xeral se situasen ao redor do 4%, atopándonos na actualidade nunha fase de certa relaxación das anteriores tensións. Co dato do 2,9% correspondente a setembro, -e, se como cabe esperar, a economía galega segue a mesma senda cá do conxunto da economía española- asistiríamos, nos meses anteriores, a un agravamento transitorio do desequilibrio de prezos ocasionado pola alta volatilidade dos prezos mundiais das materias primas enerxéticas, o que representa, ao mesmo tempo, un dos factores que introduce maiores doses de incerteza sobre o devir da economía mundial.

**Gráfico 3. -
Taxas interanuais de crecemento dos prezos. Galicia e España.**

IPC. General



Inflación subyacente



Escenarios macroeconómicos

No cadro 2 recóllese o escenario macroeconómico que acompañou aos Orzamentos Xerais do Estado, obrigada referencia para as previsións que se poidan realizar sobre os principais parámetros da economía galega en 2007. Á súa vez, ese escenario só ten sentido se se realizan unha serie de hipóteses sobre o comportamento da economía mundial que, en boa medida, quedaron reflectidas no cadro 1.

**CADRO 2. -
ESCENARIO MACROECONÓMICO. ESPAÑA.**

	2005	2006	2007
PIB por compoñentes de demanda			
Gasto en consumo final nacional.	4,3	3,8	3,3
Gasto en consumo final nacional de fogares (1)	4,2	3,6	3,1
Gasto en consumo final das AA.PP.	4,8	4,3	3,9
Formación bruta de capital	6,9	5,7	4,9
Demanda nacional	5,0	4,3	3,7
Exportacións de bens e servizos	1,5	5,8	5,4
Importacións de bens e servizos	7,0	8,4	6,8
Achega exterior	-1,7	-1,1	-0,8
Produto interior bruto	3,5	3,4	3,2
Mercado de traballo			
Postos de traballo equivalentes a tempo completo (PTETC)	3,1	2,9	2,5
PTETC: variación en miles	546,2	520,3	454,2

(1) Inclúe as ISFLSF

FONTE: Ministerio de Economía

Así, pois, o escenario macroeconómico deseñado para España por parte do Ministerio de Economía e Facenda implica o mantemento dun avance do PIB por riba do 3%, aínda que cunha suave desaceleración en 2007: 3,2% (dúas décimas de punto por riba da previsión do FMI recollida no cadro 1). Non obstante, a citada taxa superaría nun punto porcentual á prevista para a Zona euro.

A demanda nacional continuará sendo o principal soporte do crecemento do PIB, pero en menor medida ca en exercicios precedentes. O gasto en consumo final nacional crecerá a un ritmo moi similar ao do PIB, destacando o feito de que o seu compoñente privado, que é con diferenza o máis importante polo lado da demanda, farao en menor medida, por efecto dos maiores tipos de xuro e pola incerteza asociada aos prezos enerxéticos. Polo tanto, a formación bruta de capital crecerá máis (4,9%), e é o capítulo de bens de equipo o que gozará dun maior dinamismo, xa que a construción verá freada a forte expansión dos últimos anos como consecuencia da alza que están a experimentar os tipos hipotecarios, o que non poderá ser totalmente contrarrestado pola intensificación do investimento público en infraestruturas.

Respecto aos fluxos co exterior, prevense taxas inferiores ás de 2006 tanto nas importacións coma nas exportacións de bens e servizos, pero cun descenso máis acentuado no caso das primeiras. Como consecuencia, a tendencia a unha caída da contribución negativa do sector exterior verase confirmada en 2007 (-0,8 puntos), o que equivalería á metade do rexistro correspondente a 2005 (-1,7 puntos). Non obstante, a economía española aumentará as súas necesidades de financiamento exterior, se ben de xeito menos intenso

ca en exercicio anteriores. Para valorar axeitadamente o devandito incremento, debe terse en conta que se debe a que o comentado pulo do investimento superará o incremento do aforro doméstico que, polo tanto, continuará incapaz de financiar as altas taxas de crecemento da formación bruta de capital.

Loxicamente, o emprego aumentará en 2007 a un ritmo inferior aos rexistrados en anos anteriores. En termos de Contabilidade Nacional, o emprego equivalente a tempo completo incrementarase un 2,5%, o que supón a creación de 454.200 postos de traballo máis, que permitirán que a taxa de desemprego se sitúe arredor do 8%, posto que o previsible é que o incremento da poboación activa se minore un pouco máis que a ocupación como consecuencia, entre outros factores, da redución do fluxo inmigratorio.

A desaceleración da xeración de emprego será máis acusada que a experimentada polo PIB provocando, polo tanto, ganancias da produtividade do traballo en 2007 (0,7%), por riba das obtidas en 2005 e 2006. Dado que proseguirá a tendencia a un moderado incremento da remuneración por asalariado -que se pode cifrar nun 2,6% en termos nominais- o avance da produtividade carrexará unha caída do ascenso do custo laboral nominal por unidade de produto (1,9%) que, fronte a un crecemento dun 3,5% do deflactor do PIB, suporá o mantemento da tendencia á mellora do excedente empresarial.

**CADRO 3. -
ESCENARIO MACROECONÓMICO. GALICIA.**

	2005	2006	2007
PIB por compoñentes de demanda			
Gasto en consumo final nacional.	3,3	3,3	3,1
Gasto en consumo final nacional de fogares (1)	3,1	3,2	2,9
Gasto en consumo final das AA.PP.	3,9	3,7	3,4
Formación bruta de capital	5,7	5,1	5,1
Demanda nacional	4,0	3,9	3,7
Exportacións de bens e servizos	3,6	6,8	5,8
Importacións de bens e servizos	4,8	6,7	5,3
Achega exterior	-1,2	-0,8	-0,7
Produto interior bruto	3,3	3,6	3,4
Mercado de traballo			
Postos de traballo equivalentes a tempo completo (PTETC)	2,1	3,0	2,8
PTETC: variación en miles	22,0	31,7	30,9
Postos de traballo: variación en miles	34,3	36,1	35,0

(1) Inclúe as ISFLSF

FONTE: Consellería de Economía e Facenda

O escenario macroeconómico de Galicia proporciónase no cadro 3. Os feitos máis destacables poden quedar sintetizados do seguinte xeito:

O PIB crecerá en 2006 un 3,6%; previsión conservadora dado que a taxa interanual do 1º semestre elevouse a un 3,8% pero que implica un diferencial favorable de dúas décimas de punto respecto á previsión realizada polo Ministerio de Economía e Facenda para o conxunto da economía española. O obxectivo para 2007 é un progreso do 3,4% do PIB, igualmente dúas décimas de punto por riba da proxección realizada nos Orzamentos Xerais do Estado (PGE).

A demanda nacional da economía galega experimentará unha suave desaceleración, o que non impedirá que a súa progresión (3,7%) sexa máis acentuada cá do PIB. Por conseguinte, o sector exterior

contribuirá negativamente ao crecemento do PIB, pero en menor medida que nos exercicios precedentes. Ao igual que en España, producirase unha minoración das exportacións de bens e servizos, pero en menor medida ca o que rexistrarán as importacións correspondentes.

O gasto en consumo final nacional presentará un avance máis contido, debido sobre todo ao compoñente privado, cun 2,9% de incremento. Polo tanto, a formación bruta de capital erixirase como o compoñente máis dinámico do PIB, cun incremento (5,1%) lixeiramente superior ao do investimento español.

Traballando para Galicia coa mesma hipótese de moderación salarial contemplada nos PGE, o emprego en termos de Contabilidade Nacional incrementárase un 2,8%, tres décimas de punto máis cá nivel estatal. Iso suporá a creación de 30.900 postos de traballo equivalentes a tempo completo, o que equivale a 35.000 ocupados da EPA. Xeración de emprego que, ao igual que en España, permitirá situar a taxa de paro por debaixo dun 8%.